


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

6-7 de maio do 2023

V SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 1 A Cristo cantamos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Aquí estamos porque cada oito días, con toda a Igrexa reunímonos para festexar a Pascua do Señor.

Hoxe, Cristo Resucitado sae ao noso encontro para lembrármonos que El é o Camiño, a Verdade e a Vida. Por iso cristiá é aquela persoa que en Xesús vai descubrindo o CAMIÑO máis axeitado para vivir, a VERDADE máis segura para orientarse, a VIDA máis plena.

E este camiño é moi concreto e obríganos a escoller: indiferenza cara quen sofre ou compaixón?; benestar para min e para os meus ou un mundo máis humano para todas as persoas?; intolerancia e exclusión de quen é diferente ou actitude aberta e acolledora?; esquecemento de Deus ou testemuño alentado e alentador no Deus Pai/Nai?; fatalismo e resignación ou esperanza viva?

Que a celebración que agora comezamos sexa alento no camiño da vida e da fe.

2

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí na vida en parroquia, queremos lembrar que Cristo é Camiño, Verdade e Vida, queremos sentirnos confiados en Deus porque é Pai-Nai, e queremos agradecer a vida coa que El nos agasalla en cada nai.

🎵 n° 2 *Ide e pregoade*

Celebrante: *Damos grazas dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua, e pola vida dada en cada nai.*

(Silenzo)

Celebrante: Deus de misericordia, concédenos vivir cada día con maior plenitude o misterio pascual. Ti que nos chamaches a unha vida nova polo bautismo, fai que coa túa axuda a nosa vida sexa fecunda para o mundo e para a nosa eterna felicidade. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Nestes días da pascua somos invitados a pousar a nosa mirada no bo facer da primeira comunidade. Agora, no libro dos feitos dos apóstolos imos escoitar que tiñan problemas, e non poucos, pero dende a escoita e o diálogo eran capaces de atopar solucións. Nós, quizais, aínda temos moito que aprender.*

No evanxeo, Xesús hoxe dínolo ben claro: El é camiño, verdade e vida. E isto implica que na nosa vida debemos seguir as súas pegadas. Unhas pegadas que sempre acollen, unhas pegadas que sempre escoitan, unhas pegadas que sempre respectan, unhas pegadas que nos falan de mans xenerosas, unhas pegadas preñadas de esperanza.

Escoitemos.

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron:

- Non está ben que deixemos a palabra de Deus para nos dedicarmos ao servizo das mesas. Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio. Nosoutros continuaremos dedicados a oración e ao servizo da palabra.

A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Felipe, Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía; presentáronllos aos apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlles as mans.

A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8* *No colo da miña nai* **SALMO**



PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, voltarei e acollereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño.

Dille Tomé, un dos discípulos:

- Señor, se non sabemos onde vas, como imos saber o camiño?.

Xesús respondeulle:

- Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecerades, coñeceríades tamén a meu Pai; anque xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.

Felipe díxolle:

- Señor, móstranos ao Pai e abóndanos.

Xesús replicoulle:

- Pero, Felipe, levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu ao Pai. Como dis entón "móstranos ao Pai"? Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min.

Se non, polo menos crede por esas mesmas obras. Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

UNHAS PALABRAS DE REFLEXIÓN

Hoxe, atopámonos con Xesús dicíndonos que El é Camiño, Verdade e Vida.

En quen atopamos nós hoxe esas pegadas?:

* Para nós hoxe son camiño as persoas que viven e transmiten actitudes pacíficas no medio de tantas e tantas violencias.

* Para nós hoxe son verdade as nais, que tanta vida deron na nosa terra, nas nosas familias, nas nosas parroquias, nos nosos fogares, e non sempre ven valoradas as súas loitas.

* Para nós hoxe son vida as persoas que teñen mans xenerosas e fan da caridade e da solidariedade algo que vale a pena e enche de vida o corazón.

* E para nós hoxe son camiño, verdade e vida cada unha das persoas que temos agora á beira facendo comunidade e parroquia neste compartir facendo crible a fe.

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe, renovamos os nosos compromisos de facer ben e loitar contra o mal.



Monitor/a

- **Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

Si, renunciemos

- **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

Si, renunciemos

- **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acollidora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos quere sendo camiño, verdade e vida para facernos cribles. Oremos dicindo* **SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN**

Monitor/a:

✓ Señor, seguindo as pegadas de Xesús, pedímosche que nos alentes para ser Igrexa acollidora que abre as súas portas a todas as persoas. Oremos

✓ Señor, seguindo as pegadas de Xesús, pedímosche que nas nosas parroquias fagamos da escoita e do diálogo ferramentas para resolver os problemas. Oremos

✓ Señor, seguindo as pegadas de Xesús, pedímosche por nós, que agora estamos aquí vivindo o Evanxeo; que o saibamos converter en camiño, verdade e vida para cada persoa que está soa, cansa e empobrecida. Oremos

✓ Señor, seguindo as pegadas de Xesús, pedímosche polas nais, para que nunca reduzamos o seu día ao primeiro domingo de maio, senón que sempre se sintan queridas e o seu imprescindible papel sexa valorado na nosa sociedade. Oremos

Celebrante: *Señor, Ti es o noso Pai, e Cristo, o teu Fillo, é o noso Camiño, a nosa Verdade e a nosa Vida, acolle estas pregarías que coma fillos pousamos nas túas mans. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Queremos CAMIÑAR da man de Cristo, queremos escoitar a súa VERDADE, queremos ter parte na súa VIDA. Facémolo rezando coas súas palabras:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *“PAZ CONVOSCO”; as palabras do resucitado volven ser pronunciadas hoxe na nosa comunidade. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; aollamos a paz e deamos exemplo dela no fogar, na familia, na parroquia. Sexamos hoxe cribles na paz con todas as nais.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que vale a pena. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 *nº 9 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, asiste con bondade ao teu pobo.

Ti que nos iluminaches con esta celebración compartida, fainos entrar na vida nova da túa graza, para que coas nosas palabras e os nosos feitos sexamos testemuñas do amarnos uns os outros, coma o teu Fillo nos amou. El que vive e reina Resucitado para sempre eternamente. Amén.

Con Xesús Resucitado queremos facer CAMIÑOS de vida na nosa comunidade, no noso rural, coas nosas xentes.

Con Xesús Resucitado queremos ser VERDADE viva que farta as sedes de xustiza de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.

Con Xesús Resucitado, queremos ser VIDA compartida arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Felicitando ás nais, podémonos ir en paz.*